



Axencia Galega de Innovación

Resumo executivo 2025

XESTIÓN

125M€ de orzamento xestionado

Xestionando Fondo Propio, FEDER,
MRR e Proxectos Europeos

13 convocatorias de axudas publicadas

329 expedientes de subvencións
xestionándose

244 avaliacións de proxectos realizadas

73 informes de inspección e seguimento

SENSIBILIZACIÓN

57 eventos organizados
+ 3.600 participantes

4 publicacións temáticas

52 Boletíns

APOIOS

**299 operacións para organismos de
investigación e empresas**

1.515 persoas participando en proxectos
de I+D+i cofinanciados, **55 % mulleres**

**43 novas axudas para persoal
investigador en OPIs galegos**

COLABORACIÓN

Socio en 5 proxectos europeos

8 apoios a outros proxectos

380 asesoramentos na procura de
socios e colaboracións

Membro de 5 Redes (3 internacionais)

Participación en 13 grupos e comités

ORGANIGRAMA

A Axencia Galega de Innovación, adscrita á Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, estrutúrase en catro unidades orgánicas dependentes directamente da Dirección da Axencia:

- ✓ Área de Xestión
- ✓ Área de Estratexias e Programas
- ✓ Área de Talento e Transferencia
- ✓ Área de Servizos

COMPETENCIAS

A Axencia Galega de Innovación apoia e impulsa a I+D+i galega sobre a base dunha estreita conexión entre os ámbitos científico, empresarial, social e da propia Administración, coa finalidade de promover políticas e iniciativas que permiten potenciar a excelencia científica, a transferencia de coñecemento, o talento e a innovación, completando o ciclo de coñecemento entre a ciencia, a investigación e os sectores produtivos.

- ✓ A ordenación, planificación, coordinación, execución e seguimento das competencias en materia de fomento da investigación que ten atribuídas a Comunidade Autónoma de Galicia en virtude do establecido no artigo 27.19 do Estatuto de autonomía de Galicia
- ✓ Elaborar, revisar e aprobar disposicións, plans e programas en materia de investigación, desenvolvemento e innovación
- ✓ Diseñar estratexias e elaborar e xestionar programas de captación de fondos estatais e internacionais dirixidos a I+D+i
- ✓ Coordinar a xestión dos recursos públicos que a Xunta de Galicia destine ás políticas públicas de I+D+i
- ✓ Desenvolver instrumentos para estimular e apoiar iniciativas e procesos de colaboración entre os principais axentes de creación e transferencia do coñecemento
- ✓ Fomentar a xeración, retención e atracción do talento para o ecosistema galego de I+D+i
- ✓ Coordinar e xestionar a Comisión Interdepartamental de I+D+i da Xunta de Galicia

**ENTIDADES NAS QUE PARTICIPA A
AXENCIA**

- ✓ Fundación CESGA – Centro de Supercomputación de Galicia

OBXECTIVOS BÁSICOS NA PRESTACIÓN DE SERVIZOS PÚBLICOS

Apoiamos aos **Axentes do Sistema de I+D+i**



En todas as etapas da I+D+i




- ✓ Liderar as políticas de I+D+i do sector público galego
- ✓ Definir e desenvolver as políticas dirixidas a incrementar a eficiencia dos resultados do sistema galego de I+D+i, a potenciar a transferencia de coñecemento e á captación e xestión do talento
- ✓ Estimular a estruturación e consolidación do sistema galego de I+D+i
- ✓ Fomentar a I+D+i, a través de iniciativas e programas específicos
- ✓ Promover as relacións de colaboración entre os distintos axentes do sistema galego de I+D+i impulsando a creación e o fortalecemento de redes de coñecemento
- ✓ Promover a internacionalización dos axentes de I+D+i impulsando a súa participación nos programas europeos de I+D+i e o acceso a fondos de financiamento internacionais
- ✓ Apoiar a promoción e divulgación do coñecemento científico e tecnolóxico en Galicia, promovendo o interese da sociedade pola I+D+i

RECURSOS HUMANOS: 96

ORZAMENTO XESTIONADO: **125.610.614 €**

- Cap. I: Gastos de Persoal
- Cap. II: Gastos en bens e servizos
- Cap. III: Gastos financeiros
- Cap. IV: Transferencias correntes
- Cap. VI: Investimentos
- Cap. VII: Transferencias de capital
- Cap. VIII: Activos financeiros
- Cap. IX: Pasivos financeiros





SUBVENCIONES

110 novos beneficiarios/as
25.878.997 € de
subvencions concedidas
255 solicitudes recibidas
11 liñas de subvencions
resoltas



CONVENIOS

16 convenios
5.257.024 €
5 addendas



CONTRATOS

9 contratos
477.738 €

AXUDAS E SUBVENCIÓNS

ÁMBITOS	IMPORTE CONCEDIDO	LIÑAS DE APOIOS	NÚMERO DE BENEFICIARIOS
Talento	7.499.295 €	5	45
Coñecemento	14.229.402 €	3	42
Colaboración estratéxica	1.821.363 €	1	8
Posicionamento	2.328.937 €	2	15

OE 3.1.1 Fomentar o investimento en I+D+i no sector empresarial, dinamizar a transferencia de coñecemento ao mercado reforzando a colaboración entre os axentes do ecosistema de I+D+i, avanzar na especialización a través da priorización en ámbitos estratéxicos para Galicia, impulsando o liderado empresarial, especialmente das PEMES, na transformación das ideas innovadoras en produtos e servizos de alto valor engadido, xeradores de crecemento, emprego e benestar.

Apoiar o talento emprendedor en todos os eidos (xeración, atracción e retención). Mellorar a xestión administrativa e as sinerxías vinculadas a procesos ou instrumentos de apoio á I+D+i e incrementar a eficiencia na xestión dos recursos dispoñibles a partires da avaliación do seu rendemento.

OE 3.1.2. Mellorar e fortalecer a capacidade investigadora das Universidades galegas, impulsar os centros e institutos de investigación e desenvolver un sistema de transferencia efectivo que permita capitalizar o coñecemento xerado.

ESTRATEGIAS E PLANS

[Estratexia de Especialización Intelixente RIS3 Galicia 2021-2027](#)

[Estratexia de Especialización Intelixente Transfronteriza Galicia-Norte de Portugal](#)

[Plan Galego de Investigación e Innovación 2025-2027](#)

[Estratexia de Consolidación do Sector Biotecnolóxico de Galicia 2021-2025](#)

PROGRAMAS

[Programa Ignicia - Transferencia de coñecemento](#)

[Programa Oportunus](#)

EN ELABORACIÓN

[Estratexia de Excelencia da Biotecnoloxía de Galicia 2026-2030](#)

[Plans locais de I+D+i](#)

Comisión Interdepartamental de I+D+i

107 expedientes de informes de coherencia coa RIS3 para instrumentos de I+D+i

13 reunións (3 da Comisión e 10 do Grupo Técnico) coordinando: elaboración do Plan galego de investigación e innovación 2025-2027; desenvolvemento do Decreto de carreira investigadora; inicio dos traballos de elaboración do anteproxecto da nova lei de ciencia e innovación de Galicia; Compra Pública de Innovación: proxectos para a liña FID; elaboración do mapa anual de apoios da Xunta de Galicia á I+D+i; implantación do cadro de mando de I+D+i; valorización nos OPIs galegos; obradoiros de traballo (innovación local, asesoramento científico, espazos de experimentación e ensaio).

Participación en Redes


ERRIN, ReIDI, Vanguard, EEN Galactea Plus, Rede Galega de Tecnoloxías Cuánticas

Premios

Premio Empregados/as Públicos/as Innovadores/as

Premios de Transferencia de Tecnoloxía e de Xornalismo Científico Celia Brañas,
en colaboración coa RAGC

APOIO A PROXECTOS DE I+D+i



Fontes: Indicadores PEG 22-30

APOIO AO TALENTO

94

Axudas de apoio á etapa **predoutoral e posdoutoral** para organismos e centros de investigación galegos, 26 novas en 2025

58

Doutoramentos industriais, 15 novos apoios en 2025

89

Grupos de investigación dos OPIs Galegos financiados, 24 novos apoios en 2025


20

Persoas investigadoras excelentes ERC "Oportunius" contratadas para o sistema galego de investigación, 2 novas captacións en 2025 (6 contratos en proceso)

6

Novas persoas investigadoras resultaron gañadoras das prestixiosas bolsas do European Research Council, e acadáronse 9 proxectos para Galicia no ano 2025. O programa Oportunius asesorou en 2025 un total de 66 candidaturas e desenvolveu 4 cursos de formación nos que participaron máis de 117 persoas

APOIO A INNOVACIÓN E TRANSFERENCIA



Compra Pública de Innovación

» Galicia lidera a Compra Pública de Innovación en España ao captar preto da metade dos proxectos e 45,6M€ da última convocatoria da Liña FID (Fomento da Innovación desde a Demanda)

9 Proxectos de Galicia dos 20 concedidos en toda España

8 Proxectos liderados pola Xunta de Galicia de 4 consellerías diferentes

45,6M€ Fondos europeos

76M€

Orzamento total


28M€ Fondos propios Xunta

2,1M€ Emalcsa (Empresa Municipal de Augas da Coruña)






Gastos internos totais en I+D




Investimento en I+D pública e empresarial (2024) vs máximos precrise financeira (2007/2008)




Fonte: IGE/INE datos referidos a 2024

INVESTIMENTO EN I+D EN GALICIA



Contribución dos sectores público e empresarial ao investimento I+D



En 2024, Galicia destinou **1.058 millóns de euros á I+D**, acadando o **máximo histórico** da serie, tras un incremento de **95,4 millóns de euros** respecto ao exercicio anterior.


Galicia rexistrou en 2024 un incremento **do 9,9 % na I+D interna**, por riba da media estatal (6,93 %), consolidando a súa posición como **sexta comunidade en volume de investimento en I+D**.

Fonte: INE datos referidos a 2024


EMPREGO EN I+D EN GALICIA



Personas en actividades de I+D por xénero e sector



Personas investigador en I+D por xénero e sector




O número de persoas empregadas a tempo completo en actividades de I+D sitúase en **13.347**, das cales **8.736 son persoas investigador**, consolidando o avance estrutural da última década.


O **41,3 %** do persoal en I+D son mulleres, no **sector público representan o 53%**. As investigadoras acadan as **3.528** (máximo histórico), cun **49 % no sector público**.

Fonte: INE datos referidos a 2024

INNOVACIÓN EN GALICIA



Evolución gasto en actividades innovadoras




O investimento en innovación en Galicia acadou os **1.073,6 millóns** de euros en 2024, un **30,4 % máis que en 2022** (823,5 M €), triplicando a media de crecemento do conxunto do Estado.

Atendendo a aquelas empresas que teñen a sede social en Galicia (1.285), o gasto sitúase en 968,7 millóns de euros, un 32,7 % máis que en 2022, dobrando amplamente o ritmo estatal (13 %).

Fonte: INE datos referidos a 2024

PARTICIPACIÓN GALEGA NOS PROGRAMAS MARCO DE I+I e do CDTI



Nos últimos anos a **tendencia de captación de fondos** nos programas europeos de I+I para Galicia foi moi positiva, pasando de 87M € no FP7 (2007-2013) a **191M € no H2020** (2014-2020), un 120 % máis. Isto supón pasar de captar o 0,18 % dos fondos europeos dispoñibles a captar o 0,28 %.

No programa marco HE, dende 2021 ata xuño do 2025, foron captados por entidades galegas **160M €**.

Ademais **72 empresas e entidades innovadoras galegas** teñen **captado 43,5 millóns de euros** nos programas de apoios do **CDTI** en forma de axudas e créditos, **mobilizando 57,3 millóns de euros** en proxectos innovadores para Galicia.

Fonte: CDTI / Horizon Dashboard, datos a 26/06/2025 (última actualización dispoñible)

1.058 M€ de investimento galego en I+D

Incremento do 9,9 % respecto do ano anterior (3 puntos máis que a media do Estado)

13.347 persoas adicadas á I+D

8.736 persoas investigadoras.
O 53 % do persoal de I+D do sector público son mulleres

1.074 M € de investimento en innovación

1.446 empresas con gasto en actividades innovadoras en Galicia

175 M€ de investimento en I+D no sector da biotecnoloxía

Incremento do 19,1 % respecto do ano anterior (4,7 puntos máis que a media do Estado)

Fonte: INE datos referidos a 2024

